

Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL**

GROVE, O

Ordenanzas e Regulamentos*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CIRCULACIÓN
DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL (VMP)**ANUNCIO**“ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL RE-GULADORA DA CIRCULACIÓN
DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PER-SOAL (VMP) NO CONCELLO DO GROVE**EXPEDIENTE 2098/2024*

Ao non presentarse reclamacións nin suxestións dentro do prazo de exposición ao público establecido aos efectos, queda aprobado definitivamente o acordo plenario de data 30 de setembro de 2024, de aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da circulación dos vehículos de mobilidade persoal no Concello do Grove, cuxo texto ínte-gro se fai público en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

Ordenanza municipal reguladora da circulación dos vehículos de mobilidade persoal no Concello do Grove

A presente ordenanza nace da vontade deste concello de garantir o uso axeitado dos espazos públicos para toda a cidadanía ante a aparición dun novo modo de mobilidade urbana como son os denominados vehículos de mobilidade persoal (no sucesivo VMP) regulando o seu uso, de tal forma, que se prime a seguridade viaria.

A norma trata de harmonizar os distintos usos das vías e os espazos públicos; facelos máis compatibles coas distintas modalidades de vehículos, pero tamén cos usuarios máis vulnerables, como son os peóns. Busca o respecto ao medio urbano, e en especial, ao seu patrimonio histórico-artístico, sen significar unha traba a unha nova forma de mobilidade menos contaminante. Por este motivo, o seu obxectivo non é so regular a circulación dos VMP nas vías urbanas, senón tamén impulsar novas formas de mobilidades máis axeitadas co medio ambiente.

Esta ordenanza complementa e amplía a normativa sobre os VMP contida na regulación estatal sobre tráfico e circulación. A regulación afecta o uso destes dispositivos en vías urbanas abertas ao público, non entrando en consideración o emprego noutros ámbitos de carácter privado. Como aspectos máis salientables do presente texto destacar: a introdución da obrigación aos usuarios de portar elementos de seguridade como o casco e prendas reflectoras, a necesidade



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil como os demais vehículos a motor, fixar unha idade mínima para o seu manexo polas vías urbanas, establecer a responsabilidade solidaria de pais, nais ou titores no caso de sancións a menores por infraccións cometidas por estes, e unha regulación da súa posible explotación económica que terá no futuro un desenvolvemento máis pormenorizado nas licitacións e concesións correspondentes. Establécense tamén os requisitos técnicos que deben presentar os VMP, certas limitacións de uso relativas á velocidade e o seu emprego en determinadas zonas do Concello de O Grove.

A ordenanza estrutúrase en 20 artigos, unha disposición adicional, unha disposición final e un anexo, a través dos cales se define o obxecto, características e documentación necesaria dos vehículos, infraccións e sancións, e vías afectas á circulación.

Por último, ante esta nova realidade na mobilidade urbana e os diferentes e lexítimos intereses privados en xogo, a defensa do interese público lévanos a regular dun xeito proporcional e equilibrado, o uso dos vehículos de mobilidade persoal no Concello de O Grove.

ARTICULADO

ARTIGO 1. OBXECTO

A presente Ordenanza ten por obxecto regular a circulación dos vehículos de mobilidade persoal (VMP), dos patíns, monopatíns, patinetes e similares, definidos como tales segundo a normativa de tráfico en vigor, no termo municipal do Grove, sen prexuízo da observancia da normativa vixente sobre tráfico, seguridade viaria e circulación de vehículos e a súa integración no funcionamento global do sistema de mobilidade, así como establecer os requisitos e condicións para o seu uso no Concello de O Grove.

Para tal efecto regula:

- a) Os requisitos dos vehículos de mobilidade persoal.
- b) Os requisitos do/a condutor/a.
- c) Os requisitos de circulación.
- d) O réxime sancionador.
- e) O marco básico regulador das actividades económicas con VMP.

ARTIGO 2. DEFINICIÓN

De acordo co establecido no Real decreto 1205/2011, do 26 de agosto, e na resolución do 12 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Tráfico, pola que se aproba o Manual de características dos vehículos de mobilidade persoal:

1. Os dispositivos que non exceden a velocidade de 6 km/h. teñen a consideración de xoguetes. Son patíns, patinetes, monopatíns e similares, aqueles impulsados polo esforzo humano, sen ningún tipo de asistencia.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

2. Vehículos de mobilidade persoal VMP. Segundo o establecido no Apartado A “Definicións” do Anexo II “Definicións e categorías dos vehículos” do Real decreto 970/2020, do 10 de novembro, establécese a seguinte definición de VMP:

Vehículo dunha ou máis rodas dotado dunha única praza e propulsado exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo una velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. só poden estar equipados cun asento ou sillín se están dotados de sistema de auto equilibrado.

Exclúense da definición anterior os seguintes vehículos:

- Vehículos sen sistema de auto-balanceo e con sillín
- Vehículos deseñados especificamente para circular fóra das vías públicas ou vehículos concibidos para competición
- Os vehículos para persoas con mobilidade reducida
- Os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC ou 240 VCA
- Os vehículos considerados xoguetes
- As bicicletas eléctricas (EPAC)
- Os vehículos que non transportan persoas (por exemplo, robots de carga).

Estes vehículos poden estar equipados con baterías de ata 100 VCC e cun cargador integrado de ata 240 VCA de entrada.

Os Vehículos de Mobilidade Persoal, en diante VMP, poden ter diferentes usos, por exemplo o uso particular, alugueiro ou «sharing», servizos públicos, usos turísticos, etc.

ARTIGO 3. REGULACIÓN MUNICIPAL E CLASIFICACIÓN DOS VMP

1. Regulación municipal.

En virtude da competencia xeral que outorga o artigo 7 do “Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria, así como a Resolución do 12 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Tráfico, pola que se aproba o Manual de Características dos VMP propuxo uns criterios de catalogación dos Vehículos de Mobilidade Persoal ou VMP, pero deixa, en xeral, nos concellos a responsabilidade de regular o seu uso e circulación. É por iso que o Concello do Grove exercendo esta potestade régúlo na presente Ordenanza.

2. Clasificación dos Vehículos de Mobilidade Persoal.

Adáptase a tipificación realizada pola dirección Xeral de Tráfico na súa Resolución do 12 de xaneiro de 2022, na que os clasifica en dous grupos:

- VMP para transporte persoal.
- Vehículo de Mobilidade Persoal para transporte de mercadorías ou outros servizos etc.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

A. VMP para transporte persoal

Distínguense dous tipos, con auto equilibrado e sen auto equilibrado, coas seguintes características:

<i>VMP de transporte persoal</i>		
	Tipo A	Tipo B
Velocidade máxima	Entre 6 e 25 km/h	Entre 6 e 25 km/h
Potencia nominal (3) por vehículo.	Vehículos sen auto equilibrado: ≤ 1.000 W	Vehículos con auto equilibrado (4): ≤ 2.500 W
Masa en orde de marcha (5).	< 50 kg	
Lonxitude máxima	2.000 mm	

(3) A potencia nominal deberá ser declarada polo fabricante do motor e medida segundo o apartado 4.2.14 da norma EN 15194:2018, ou alternativamente no Regulamento n.º 85 da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (UNECE)–Disposicións uniformes relativas á homologación de motores de combustión interna ou de grupos moto propulsores eléctricos para a propulsión de vehículos de motor das categorías M e N no que respecta á medición da potencia neta e a potencia máxima durante 30 minutos dos grupos moto propulsores eléctricos (DO L 323 de 7.11.2014, páx. 52).

(4) Polo menos o 60% desta potencia débese dedicar ao sistema de auto equilibrado.

(5) Masa en orde de marcha: masa do vehículo tal e como se define no artigo 5 do Regulamento (UE) n.º 168/2013.

- Non son aptos para a distribución de mercadorías.

- Neste grupo estarían incluídos os VMP de dimensións máis reducidas como son as plataformas-howerboard, monociclos e patinetes que cumpran as características anteriores.

B. VMP para transporte de mercadorías ou outros servizos. Tipo C, coas seguintes características:

<i>VMP para o transporte de mercadorías ou outros servizos. Tipo C</i>	
Velocidade máxima (propia).	Entre 6 e 25 km/h
Potencia nominal (6) por vehículo	≤ 1.500 W
Masa Máxima Tecnicamente Admisible (MMTA) (7).	< 400 kg
Lonxitude máxima.	2.000 mm
Altura máxima.	1.800 mm
Anchura máxima	1.000 mm

(6) A potencia nominal deberá ser declarada polo fabricante do motor e medida segundo o apartado 4.2.14 da norma EN 15194:2018, ou alternativamente no Regulamento n.º 85 da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (UNECE)–Disposicións uniformes relativas á homologación de motores de combustión interna ou de grupos moto propulsores eléctricos para a propulsión de vehículos de motor das categorías M e N no que respecta á medición da potencia neta e a potencia máxima durante 30 minutos dos grupos moto propulsores eléctricos (DO L 323 de 7.11.2014, páx. 52).

(7) Masa Máxima Tecnicamente Admisible (MMTA): masa máxima declarada polo fabricante tal e como se define na definición 3.35 da norma EN 17128:2020.

-Estes vehículos en ningún caso poderán dedicarse ao transporte de pasaxeiros.

C. Exclusiones como VMP:

- Vehículos diseñados específicamente para circular fóra das vías públicas ou vehículos concibidos para competición
- Os vehículos para persoas con mobilidade reducida
- Os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC (voltios corrente continua) ou 240 VCA (voltios corrente alterna)
- Os vehículos considerados xoguetes, sendo tales os que a súa velocidade máxima non excede o 6 km/h
- Vehículos diseñados e fabricados para ser utilizados exclusivamente polas Forzas Armadas



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

- Os ciclos de pedais con pedaleo asistido (EPAC, bicicletas eléctricas)
- Aqueles vehículos incluídos dentro do ámbito do Regulamento (UE) número 168/2013

ARTIGO 4. DOCUMENTACIÓN E REXISTRO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS

1. Rexistro VMP. Certificado de Circulación.

Os vehículos de mobilidade persoal requirirán para poder circular o certificado de circulación que garanta o cumprimento dos requisitos técnicos esixibles pola normativa nacional e internacional recollidos no seu manual de características, así como a súa identificación. Manual de características dos vehículos de mobilidade persoal.

Documento elaborado polo organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e aprobado mediante resolución do seu titular, no que se establecerá os requisitos técnicos que os vehículos de mobilidade persoal deben cumprir para a súa posta en circulación, a clasificación dos mesmos, os procesos de ensaio para a súa certificación e os mecanismos que se empregarán para a súa fácil identificación.

De acordo co establecido no artigo segundo do Real decreto 970/2020, do 10 novembro, no que se modifican determinados aspectos do Regulamento Xeral de Circulación, os VMP deberán portar Certificado de Circulación e Manual de Características Técnicas dos vehículos de mobilidade persoal cando estes estean dispoñibles, para ser presentado á autoridade municipal, no caso de ser requirida.

2. Manual de características.

Con data 22 de xaneiro de 2022, entrou en vigor a publicación do Manual de características dos vehículos de mobilidade persoal, na que establece:

- A velocidade máxima á que poderán circular é de 25km/h, velocidade á que o motor deixará de impulsar ao vehículo.

Ademais, disporá de sistemas de antimanipulación tanto para a velocidade como para a potencia.

- Deberán dispoñer dun indicador de información visible no que conste a velocidade á que vai e o nivel de batería.
- Sistema de freado. Todos os vehículos VMP deben dispor dun sistema de freado.

Os vehículos VMP destinados ao transporte persoal deberán dispoñer de dous freos independentes, cunha desaceleración mínima de 3,5 m/s².

Ademais, os vehículos de máis de 2 rodas deberán dispoñer de freo de estacionamento.

- Visibilidade: Dispositivos de iluminación e retroreflectoras Os vehículos de mobilidade persoal deben estar equipados de catadióptricos frontais (de cor branca), en ambos os laterais (de cor amarela auto) e traseiros (de cor vermella) de acordo aos requisitos recollidos no apartado 16.1.1 da norma EN 17128:2020.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

Así mesmo, han de equipar un sistema de iluminación na parte dianteira (branca) e traseira (vermella), cumprindo os requisitos recollidos no apartado 16.1.2 da norma EN 17128:2020.

Tamén deberán incluír a función de luz de freo diferenciada ou combinada coa luz traseira, con intensidade e distribución de luz de acordo co establecido pola devandita norma.

Os VMP para transporte de mercadorías ou outros servizos deberán incluír reflectores laterais de cor amarela auto e traseiros de cor vermella na arestas e vértices da carga, que permitan sinalizar e distinguir claramente en situacións de baixa visibilidade tanto a altura como a anchura da mesma.

- Avisador acústico para todo tipo de VMP e no caso de mercadorías ou outros servizos deberán levar tamén avisador de marcha atrás.
- Sistema de estabilización en aparcamento. Co obxectivo de evitar os VMP caídos no medio das rúas e gardar unha certa orde nas cidades, estableceuse a obrigatoriedade para os VMP con menos de 3 rodas de dispoñer dun sistema de estabilización consistente nunha pata de cabra lateral ou cabaleta central mentres están aparcados.
- Rodas. Establécese en 203,2 mm o diámetro mínimo establecido das rodas e deben ser de superficie rugosa de modo que permita a adherencia ao terreo. En ningún caso se permitirá a utilización de pneumático liso.
- Encartado seguro. Os VMP deberán dispoñer dun dobre sistema de seguridade para que queden ben axustados mentres leva recolleito e evitar aperturas involuntarias.
- Todos os VMP deberán dispoñer dunha marcaxe de fábrica único, permanente, lexible e situado de forma claramente visible con información sobre a velocidade máxima, o número de serie, o número de certificado, o ano de construción e a marca e modelo.
- Porta Identificador. Os VMP deberán levar na parte traseira do mesmo un espazo para levar unha identificación ou etiqueta de rexistro.

Ademais de todas estas características técnicas, no manual detállanse outras características máis orientadas a calidade (integridade estrutural e compatibilidade electromagnéticas, resistencia á humidade, protección e batería ante temperaturas elevadas, superficies antiescorregadizas...)

ARTIGO 5. ENTRADA EN VIGOR DA NORMATIVA SOBRE MANUAL DE CARACTERÍSTICAS DE VMP

Establécese un réxime transitorio, tal e como se recolle na Sección 33 da Resolución do 12 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Tráfico, pola que se aproba o Manual de Características dos VMP. O devandito texto establece que, de forma transitoria, estableceranse os seguintes prazos para a esixencia do proceso de certificación de VMP:

- Todos os modelos que se comercialicen a partir de 24 meses da entrada en vigor do presente manual deberán contar coa devandita certificación.
- Os vehículos comercializados antes da entrada en vigor do presente manual ou durante o período transitorio establecido, poderán circular durante os 5 anos seguintes á dita entrada en vigor.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

En concreto:

- Todos os VMP que se comercialicen a partir do 22 de xaneiro de 2024 serán marcas e modelos de VMP que fosen certificados e, polo tanto, aparecerán en www.dgt.es/vmp.
- Todos os vehículos comercializados ata o 22 de xaneiro de 2024 poderán circular ata o 22 de xaneiro de 2027, aínda que non dispoñan de certificado.
- A partir do 22 de xaneiro de 2027 soamente poderán circular os VMP que cumpran co disposto neste manual e, polo tanto, que dispoñan de certificado para circular.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, poderase crear e levar un rexistro obrigatorio de todos os vehículos de mobilidade persoal.

O obxectivo deste rexistro será permitir a identificación de vehículos e titulares en caso de roubo, extravío ou accidentes. O rexistro de vehículos terá carácter puramente administrativo. Será público para as persoas interesadas e terceiros que teñan interese lexítimo e directo.

ARTIGO 6. CONDICIÓNNS DE USO

A) Condicións xerais de uso de VMP:

As condicións xerais de uso, circulación e prioridade dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) serán as mesmas que as previstas na normativa vixente para as bicicletas, sen prexuízo das disposicións específicas establecidas nesta ordenanza.

1. Serán de uso unipersoal e non poderán transportar viaxeiros.
2. O condutor dun vehículo de mobilidade persoal estará obrigado a utilizar casco de protección homologado e debidamente abrochado, salvo certificado médico de exención.
3. A idade mínima permitida para circular cun VMP é de 16 anos. Tamén poderán circular con un VMP aquelas persoas menores de 16 anos que dispoñan do correspondente carné de ciclomotor (Permiso de conducir AM).

Os menores destas idades unicamente poderán utilizalos en lugares privados ou pechados ao tráfico, ou outros lugares nos que o concello autorice a súa circulación e sempre baixo a vixilancia e responsabilidade de nais, pais ou titores.

4. As/os titulares dos VMP que desexen utilizalos polas vías públicas urbanas deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do Concello de O Grove.

5. Os VMP deberán dispoñer de forma que se garanta a súa visibilidade e a seguridade no seu emprego, dispositivos luminosos de cor branca na parte dianteira e cor vermella fixa ou intermitente na parte traseira. O seu uso será obrigatorio entre a posta e a saída do sol e en condicións meteorolóxicas ou ambientais de mala visibilidade.

Os VMP, tipo A e B, disporán de sistema de freado e avisador acústico (timbre)



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

6. Cando sexa obrigatorio o uso desa iluminación, os condutores de VMP, deberán levar posto un chaleco ou elemento retro-reflector homologado, que cubran o tronco en todo o seu contorno, que sexan visible a unha distancia mínima de 150 metros para os condutores e usuarios que se lle aproximen.

7. No caso da utilización con fins turísticos comerciais só poderán circular con autorización do Concello do Grove e coas debidas autorización relativas á devandita actividade económica.

8. Queda prohibido conducir utilizando calquera tipo de casco reprodutor de son ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son ou outros dispositivos, así como aparellos de telefonía móbil ou calquera outro medio ou sistema de comunicación que puidese reducir ou eliminar a percepción sonora da contorna.

9. Co fin de garantir a seguridade dos propios condutores, así como dos da contorna, non se pode circular con taxas de alcohol no organismo superiores ás establecidas regulamentariamente, nin con presenza de drogas ou calquera outro tipo de substancias que poidan alterar as condicións persoais para o manexo de vehículos, sendo obrigatorio someterse, cando así se lles requira, ás mesmas probas de determinación do grao de impregnación alcohólica e estupefacientes que o resto dos condutores, sendo aplicables os mesmos límites.

A taxa de impregnación alcohólica (alcoholemia) permitida para os menores de idade é de 0,00 en calquera dos casos.

10. Uso de calzado adecuado: Co fin de que o condutor poida controlar o VMP en todo momento dunha forma segura e realice para iso as actuación oportunas, así como para reducir lesións, fracturas, queimaduras e abrasións, será obrigatorio que os condutores de VMP leven en todo momento calzado que suxeite e protexa completamente os pés, non podendo ir descalzos ou con calzado de baixa protección e suxeición como sandalias, chancletas, ou similares.

11. Respetaranse en todo momento as normas xerais de circulación establecidas nesta ordenanza e na lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e en todo caso deberase circular coa dilixencia e precaución necesarias para evitar riscos e/o danos propios ou alleos, evitando poñer en perigo ás demais persoas usuarias da vía. A persoa condutora debe estar, en todo momento, en condición de controlar o seu vehículo.

12. Manterase unha distancia dun metro e medio respecto aos peóns; de non existir un paso seguro entre eles, o condutor/a terá que desmontarse do VMP e empuxalo a pé apagado.

Nas rúas que non teñan beirarrúas os VMP deberán circular mantendo unha distancia mínima de metro e medio respecto da liña das fachadas ou de mobiliario urbano.

13. As persoas con mobilidade reducida que se despracen en cadeiras de rodas, con independencia do tipo de cadeira, son peóns, para todos os efectos.

14. En ningún caso, permitirase que os VMP sexan arrastrados por outros vehículos ou animais.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

15. Circularase respectando sempre a preferencia de paso dos peóns, onde proceda.

16. Cando circulen por calzada farano polo carril da dereita e ocupando a parte central do mesmo.

17. Nos pasos para ciclistas deberase reducir a velocidade, cruzando a unha velocidade moderada e con precaución, sen invadir o espazo reservado para peóns. Terase que desmontar do VMP no caso de que non existise un paso seguro entre os peóns e empuxar a pé o VMP apagado.

18. Está prohibido circular con VMP levando neles animais, mercadorías ou obxectos.

19. Prohíbese que circulen en formación paralela.

20. Prohíbese que un VMP diante a outro vehículo se non deixa una distancia lateral mínima dun metro e medio, e en todo caso, se a rúa pola que circula ten un único carril de circulación ou se o adiantamento está prohibido.

21. En todo o non regulado neste ordenanza, será de aplicación para os VMP o disposto na normativa e lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, fundamentalmente, todo o relacionado con normas de circulación, posición na vía e prioridades de paso respecto a outras persoas ou vehículos usuarios das vías públicas.

B) VMP tipo C:

- Seralles de aplicación todas as condicións de uso previstas no apartado anterior.
- Os VMP para transporte de mercadorías só poderán estacionar nos espazos destinados a aparcamentos de vehículos, incluídos aparca bicicletas sempre que non obstaculicen nin entorpezan o tráfico de peóns e/ou vehículos.
- Estando prohibido circular con VMP tipo C, levando animais, mercadorías ou obxectos que sobresaian do perímetro do vehículo.

Zonas de tránsito compartido entre peóns e VMP.

1.- Non se poderá establecer vías de tránsito compartido naquelas que pola súa gran relevancia comercial ou de tránsito tradicional de peóns ou de gran afluencia de tráfico, puidese dar lugar a situacións de risco da seguridade viaria.

2.- Excepcionalmente poderase establecer, mediante a correspondente sinalización, zonas de tránsito compartido entre peóns e VMP en rúas peonís e en beirarrúas de máis de 5 metros de anchura, nos que polo menos, tres deles estean expeditos, e os VMP so poderán circular no momento nos que non exista aglomeración de viandantes e sempre que se manteña unha velocidade moderada por baixo dos 10 km/hora.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

ARTIGO 7. PRIORIDADE PEONIL

Os condutores dos VMP deben circular con dilixencia e precaución para evitar danos propios ou a terceiros, non poñer en perigo ao resto dos usuarios da vía e respectar sempre a preferencia de paso dos peóns. É obrigatorio deterse cando haxa peóns esperando para cruzar a vía e cando están cruzando, todo iso para evitar situacións de conflito cos devanditos peóns, así como tomar as precaucións necesarias. É necesario respectar a prioridade dos peóns e adecuar a velocidade ao paso humano cando coincidan e non facer ningunha manobra que afecte negativamente á súa seguridade. En todo caso manterase unha distancia de separación mínima dun metro e medio respecto dos peóns.

ARTIGO 8. PROTECCIÓN DA CIRCULACIÓN DAS PERSOAS PATINADORAS, USUARIOS DE PATINETES, MONOPATÍNS E SIMILARES, CONDUTORES DE VMP E CON MOBILIDADE REDUCIDA EN VEHÍCULOS A RODAS

1. As persoas condutoras de vehículos de motor e ciclomotores que circulen detrás de vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares deberán manter unha distancia de seguridade prudencial e proporcional á velocidade coa que o vehículo motorizado circule pola vía, e que nunca poderá ser inferior a 5 metros entre o seu vehículo e estes. Cando pretendan adiantalos ou excedelos, farano extremando as precaucións, cambiando de carril de circulación ou cando non estean delimitados deixando un espazo lateral libre como mínimo de 1,5 m entre vehículos.

2. Naqueles carrís que teñan establecido un límite de velocidade máximo de 30 km/h, zonas 30, rúas residenciais e zonas de coexistencia de diferentes tipos de usuarios, os vehículos de motor e ciclomotores haberán de adaptar a súa velocidade á que leven os vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares, non permitíndose os adiantamentos a estes dentro do mesmo carril de circulación.

3. Ante a presenza de patíns, patinetes, monopatíns e similares, vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares, nunha glorieta, o resto de vehículos reducirá a súa velocidade, evitará en todo momento cortar a súa traxectoria e facilitará a súa manobra.

4. As persoas condutoras de vehículos de motor e ciclomotores non poden facer manobras que impliquen poñer en perigo a integridade das persoas que conduzan ou usen vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares.

Tampouco poden realizar manobras de acoso que, ao non respectar as distancias de seguridade ou ao facer uso das luces, do claxon ou outros elementos, constitúan un intento de modificar a traxectoria ou marcha dentro do carril de circulación ou impliquen un risco para a seguridade destas.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

ARTIGO 9. CIRCULACIÓN DE PATÍNS, PATINETES, MONOPATÍNS E SIMILARES. (OS REFERIDOS AO ARTIGO 2.1)

1. Os patíns, patinetes ou aparellos similares, poderán transitar por:
 - a) As zonas peonís, adaptando a súa a velocidade á dos peóns, e sempre que non lle causen molestias aos peóns.
 - b) As rúas residenciais, adaptando a súa a velocidade á dos peóns, e sempre que non lle causen molestias aos peóns.
 - c) Beirarrúas adaptando a súa a velocidade á dos peóns, e sempre que non lle causen molestias aos peóns.
 - d) Carril bici protexido (aquele que conte con elementos laterais de protección específicos que o separan do resto da calzada ou beirarrúa).
 - e) Senda ciclable.
 - f) Parques e paseos, adaptando a súa a velocidade á dos peóns, e sempre que non lle causen molestias aos peóns.
2. Os patíns, patinetes, monopatíns ou aparellos similares, en ningún caso poderán transitar por:
 - a) A calzada, salvo para cruzala nos lugares sinalizados para o efecto.
 - b) Carril bici non protexido.
 - c) Por zonas peonís, parques, paseos, beirarrúas e zonas residenciais a unha velocidade superior a dos peóns, ou si son causa de molestias o perigo para os peóns.
 - d) Por rúas peonís ou rúas residenciais nas que se permita a circulación de vehículos.
 - e) Por beirarrúas que teñan un anchura inferior a dous metros.
3. As persoas patinadoras cando circulen por unha senda ciclabe protexida acomodarán a súa marcha á das bicicletas, se circulan por vías ciclistas, e cando transiten por beirarrúas, non superarán á velocidade de paso das persoas e adaptarán sempre o seu desprazamento ao das demais persoas a pé, evitando sempre causar molestias ou situacións de perigo.
4. As persoas que se despracen con patíns, monopatíns, patinetes ou aparellos similares considéranse peóns cos condicionantes establecidos por esta ordenanza.
5. Os patíns, monopatíns, patinetes ou aparellos similares que circulen pola beirarrúa a unha velocidade igual a dos peóns deben manter unha separación cos peóns suficiente para non causarlles molestias.
6. Os monopatíns e aparellos similares unicamente poderán utilizarse con carácter deportivo nas zonas especificamente sinalizadas en tal sentido.
7. En ningún caso permítense a súa suxeición ou arrastre por outros vehículos.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

ARTIGO 10. VÍAS DE CIRCULACIÓN DOS VMP, LIMITACIÓNS DE USO E VELOCIDADE MÁXIMA

1. Débense cumprir as seguintes condicións específicas de circulación, atendendo ao tipo de vía:

a) a) En beirarrúas e zonas peonís non se poderá circular con VMP.

Nestes casos os usuarios deberán desmontarse do VMP, e empuxalo apagado ata o seu destino ou lugar de estacionamento.

b) b) Nas rúas con prioridade peonil (rúas residenciais sinalizadas con S-28 e áreas de convivencia ciclista-peón debidamente sinalizadas), poderase circular a una velocidade non superior a 10 km/h, que deberá reducirse a 5 km/h para acomodalala á velocidade dos peóns cando se aproxime a estes, mantendo una distancia mínima dun metro e medio de separación respecto das fachadas e dun metro e medio de separación respecto das persoas. Terá que desmontarse do VMP no caso de que non existise un paso seguro entre o vehículo VMP e os peóns dun metro e medio e empuxar a pé o VMP apagado.

c) Circulación pola calzada, ciclo-carril. A velocidade máxima será de 25km/h ou no seu caso respectando as limitacións de velocidade xenéricas vixentes ou sinalizadas na vía.

2. Poderase circular por calquera calzada urbana, incluídas as vías 50.

3. Os anexos previstos nesta ordenanza poderán ser modificados por necesidades técnicas de circulación por acordo da Xunta de Goberno Local.

Débense cumprir as seguintes condicións específicas de circulación, atendendo ao tipo de VMP:

A. Circulación de VMP tipos A e B:

1. A velocidade máxima dos VMP en ningún caso poderá exceder o 25 Km/hora. Pasar esta velocidade considérase como unha falta grave que, en caso de ser detectado por axente da Autoridade, facultará a este para a inmovilización do VMP e levantamento da correspondente sanción, segundo normativa de tráfico respecto diso.

2. Limítase a velocidade máxima de VMP a 20 Km/hora en vías urbanas que dispoñan de plataforma única de calzada e beirarrúa, sendo necesario respectar a prioridade dos peóns, adecuar a velocidade ao seu paso e non facer ningunha manobra que afecte negativamente á súa seguridade e podendo a autoridade municipal rebaixar o límite de velocidade máxima a 10 km/h, previa sinalización específica.

3. De forma xeral, autorízase a circular por vías urbanas e no sentido autorizado para as mesmas quedando prohibido circular en dirección prohibida ou en sentido contrario ao establecido para a vía.

4. Estará prohibida a circulación dos VMP por travesías, vías interurbanas do municipio.

5. De forma xeral prohíbese circular polas beirarrúas, paseos, parque e polas zonas ou rúas peonís.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

6. En vías urbanas, nas calzadas onde exista carril bici ou parte da vía sinalizada compartida ou mixta circularán polos devanditos espazos. Se non existisen os devanditos carrís en vías urbanas dun só carril por sentido de circulación farano pola calzada e polo lado dereito do carril.

7. Regras de circulación: os condutores de VMP deberán respectar as normas de circulación establecidas na presente Ordenanza, así como demais normativas e lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, e en particular deberán respectarán as seguintes regras:

- a) Os VMP circularán en fila de un.
- b) Os condutores de VMP dotados de guiador deberán conducir sen deixar de suxeitar con ambas as dúas mans o mesmo.
- c) Os condutores de VMP deberán anunciar as súas intencións de xiro mediante indicadores de dirección, no caso de que o VMP os teña instalados, ou sinais manuais de indicación de cambio de dirección.
- d) De acordo co establecido no artigo segundo do Real decreto 970/2020, do 10 novembro, no que se modifican determinados aspectos do Regulamento xeral de circulación, os VMP deberán portar certificado de Circulación e Manual de Características dos vehículos de mobilidade persoal, a partir das datas e prazos establecidos na normativa estatal transitoria.

8. Os condutores de VMP deberán adecuar a velocidade en todo momento e espazo, así como ceder o paso ao peón en vías compartidas con este.

9. Os VMP non poderán ser usados por máis dunha persoa simultaneamente.

10. Os condutores de vehículos de mobilidade persoal que circulen, deberán de dispoñer da documentación persoal que permita acreditar a súa idade (DNI, Pasaporte, NIE, Permiso ou Licenza de Condución ou similar).

11. Ademais das prescricións establecidas no punto 4 anterior, prohíbese a circulación en vías urbanas cuxa velocidade máxima permitida sexa superior a 50 km/h salvo a existencia de carril bici ou vía sinalizada de uso compartido ou mixto.

12. O Concello do Grove poderá crear un Rexistro Municipal de VMP, nese caso deberán inscribirse todos os VMP achegando a marca, modelo e número de bastidor/serie, para os efectos de identificación.

13. En todo o non regulado neste ordenanza, será de aplicación para os VMP o disposto na normativa e lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, fundamentalmente, todo o relacionado con normas de circulación, posición na vía e prioridades de paso respecto a outras persoas ou vehículos usuarios das vías públicas.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

B. Circulación de VMP, tipo C:

Ademais do disposto para os VMP dos tipos A e B, deberán cumprir:

Non pode circular polas vías obxecto desta ordenanza o condutor de calquera vehículo con taxas de alcohol superiores ás que regulamentariamente se determine. En ningún caso o condutor menor de idade poderá circular polas vías cunha taxa de alcohol en sangue superior a 0 gramos por litro ou de alcohol en aire expirado superior a 0 miligramos por litro. Tampouco pode facelo o condutor de calquera vehículo con presenza de drogas no organismo, das que se exclúen aquelas sustancias que se utilicen baixo prescrición facultativa e cunha finalidade terapéutica, sempre que se estea en condicións de utilizar o vehículo conforme á obriga de dilixencia, precaución e non distracción.

Os condutores de VMP ou de vehículos similares están obrigados a someterse ás probas de detección de taxas de alcohol e de presenza de drogas, tendo en conta que o artigo 14.2 do Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria establece: “O condutor dun vehículo está obrigado a someterse ás probas para a detección de alcohol ou da presenza de drogas no organismo”.

ARTIGO 11. PRIORIDADE PEONIL

Os condutores dos VMP deben circular con dilixencia e precaución para evitar danos propios ou a terceiros, non poñer en perigo ao resto dos usuarios da vía e respectar sempre a preferencia de paso dos peóns. É obrigatorio deterse cando haxa peóns esperando para cruzar a vía e cando estean cruzando, todo iso para evitar situacións de conflito cos devanditos peóns, así como tomar as precaucións necesarias.

É necesario respectar a prioridade dos peóns e adecuar a velocidade ao paso humano cando coincidan e non facer ningunha manobra que afecte negativamente á súa seguridade. En todo caso manterase unha distancia de separación mínima dun metro e medio respecto dos peóns Regras de prioridade de paso.

1. Os condutores de VMP terán prioridade de paso respecto dos vehículos de motor nas seguintes circunstancias.

- a) Cando circulen por un carril bici, paso para ciclistas ou beiravía debidamente sinalizada.
- b) Cando para entrar noutra vía, o vehículo de motor vire á dereita ou esquerda nos supostos permitidos, e haxa un condutor dun VMP nas súas proximidades.
- c) Cando circulando en grupo, o primeiro iniciase o cruzamento ou entrase nunha glorieta.

2. Nos demais casos, serán aplicables as normas xerais sobre prioridade de paso entre vehículos.

3. Aínda cando goce de prioridade de paso, ningún condutor deberá penetrar co seu vehículo unha intersección ou nun paso para peóns ou para ciclistas, se a situación da circulación esta



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

tal que, previsiblemente, poida quedar detido de forma que impida ou obstrúa a circulación transversal.

4. O condutor de VMP terá prioridade de paso sobre un automóbil, no caso de que aquel circulase por un carril bici ou un paso para ciclistas debidamente sinalizado.

ARTIGO 12. ESTACIONAMENTO

Con carácter xeral, as seguintes normas de estacionamento serán de aplicación aos VMP e os seus asimilados. O incumprimento ou infracción das mesmas sancionaranse conforme ao procedemento e sancións establecidas na presente ordenanza, sen prexuízo de aplicación da normativa vixente e de aplicación en cada momento. Límites e condicións ao estacionamento de VMP:

1. Os vehículos de mobilidade persoal (VMP) poderán estacionar amarrados nas mesmas condicións que as establecidas na normativa vixente para as bicicletas.

2. Os vehículos de mobilidade persoal (VMP) destinados ao arrendamento individual ou pertencente a sistemas de mobilidade compartida estacionarán nos espazos e baixo as condicións estipuladas nas autorizacións ou licenzas que se outorguen para o exercicio desa actividade.

3. Ningún vehículo de mobilidade persoal (VMP) poderá estacionar en lugares que obstaculicen o tránsito peonil, de vehículos ou en elementos de indicación para invidentes e ramplas de acceso a cadeiras de rodas, o uso de mobiliario urbano nin o acceso a inmobles ou servizos, en especial o acceso a paradas de transporte público e, en ningún caso, xunto á fachada de edificios.

4. Prohíbese atalos ou ancoralos a árbores, semáforos, alumeado, sinalización, elementos vexetais, marquesiñas, bancos e outros elementos de mobiliario urbano, diante de zonas de carga e descarga ou en lugares reservados a outros usuarios e a persoas con mobilidade reducida; ou en servizos ou zonas de estacionamento prohibido, saídas de emerxencia, clínicas ou ambulatorios e zonas de servizo dos Servizos Públicos, así como nas beirarrúas.

5. O incumprimento destas normas, facultará ás autoridades ou aos axentes da Autoridade municipal, para ordenar a retirada dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) das vías públicas, cuxos gastos correrán a cargo dos titulares dos mesmos.

6. Os VMP estacionaranse nos espazos especialmente destinados a eles e/ou ao aparcamento de bicicletas.

7. No suposto de non existir estes aparcamentos libres nunha contorna de 50 metros, poderán estacionar en fila sobre a beirarrúa a un mínimo de 50 cm do bordo, sempre que non impidan o tránsito de peóns e sempre que a beirarrúa teña unha anchura de tres metros. Se a beirarrúa



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

ten máis de cinco metros de anchura, o estacionamento poderase facer en semi batería coas seguintes restricións:

Sempre que non exista sinalización específica que o prohiba; a máis de dous metros das extremas das marcas viarias que delimitan os pasos de peóns, zonas de carga e descarga, e paradas de transporte público.

Os VMP destinados ao exercicio de actividades económicas, estacionaranse nos lugares e forma que estableza o título habilitante para a actividade e/ou concesión.

ARTIGO 13. ACTIVIDADES ECONÓMICAS PRIVADAS, VMP DESTINADOS Á SÚA EXPLOTACIÓN ECONÓMICA, A ACTIVIDADES TURÍSTICAS OU A LECER

1. As persoas titulares da explotación deste tipo de actividades en vía pública, que para o seu exercicio, utilicen VMP, deberán solicitar e obter a correspondente autorización municipal, na que figurará o percorrido dos itinerarios autorizados, o horario e demais condicións e limitacións que se consideren necesarias para garantir a seguridade das persoas usuarias das vías públicas.

2. Os titulares da explotación destas actividades económicas que, para o seu exercicio utilicen VMP deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos e prexuízos a terceiros e outro de accidentes, polos que puidesen ocasionarse, con motivo da circulación dos VMP en vía pública.

3. Os VMP que se utilicen para o exercicio dunha actividade de explotación económica de tipo turístico ou de lecer e para a repartición de mercadorías han de estar identificados e estarán inscritos no rexistro que corresponda conforme o que estableza este concello e, en todo caso, segundo o disposto na normativa vixente de aplicación.

4. Cando a actividade económica teña por obxecto a realización de itinerarios de interese turístico, deberán obter ademais unha autorización municipal cuxo outorgamento esixirá en todo caso:

- a) A existencia do certificado para a circulación, ou no seu defecto legal, o documento que acredite a homologación do vehículo.
- b) Proposta de itinerarios e horarios.
- c) A persoa titular da actividade turística ou de lecer e/ou da repartición de mercadorías, velará porque as persoas condutoras dos VMP, dispoñan dun nivel de habilidade mínimo que garanta a súa seguridade e a do resto das persoas usuarias da vía. Polo que terá que achegar, entre a documentación que acompañe á solicitude de autorización, una declaración responsable comprometéndose a non permitir o uso dos vehículos de mobilidade persoal a quen non dispoñan do nivel de capacidade e habilidade mínimo que garanta a súa seguridade e a do resto de persoas usuarias da vía, conforme ao disposto na presente ordenanza, ás normas xerais de circulación e demais que resulten aplicables. Así mesmo, deberá informar ao seu persoal e clientela, por escrito, das rutas autorizadas, horarios, condicións xerais de circulación e condicións da correspondente



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

autorización municipal, así como facilitar casco e elementos reflectores, estes últimos, no caso que proceda.

- d) Todos aqueles VMP destinados ao exercicio de actividades turísticas ou de ocio, cando circulen en grupo, e os grupos turísticos de vehículos deberán ir obrigatoriamente acompañados por un guía, estarán formados por un máximo de 10 vehículos (guía incluído) e só poderán circular polos itinerarios previamente acordados. Debe manterse unha distancia mínima entre os grupos de 150 metros.

5. Pode haber restricións específicas en ámbitos e barrios, onde hai unha presión ou unha problemática especial con este tipo de vehículos.

6. O exercicio da actividade comercial sen a preceptiva autorización municipal facultará aos axentes da Autoridade municipal para ordenar a retirada dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) das vías públicas. Os gastos da intervención e retirada dos VMP, recaerá sobre o titular da explotación económica.

7. Os titulares da explotación económica, deben velar por que os usuarios dos vehículos de mobilidade persoal e ciclos de máis de dúas rodas dispoñan dun nivel de habilidade mínimo que garanta a súa seguridade e a do resto de usuarios da vía pública. Así mesmo, deben informar dos itinerarios autorizados e as condicións de circulación.

8. Como VMP asignados á explotación económica, turística ou de lecer deberán inscribirse no Rexistro municipal que cree o Concello do Grove.

Sistemas de alugueiro de VMP sen persoa condutora e sen base fixa:

1. O aproveitamento especial do dominio público municipal que supón o arrendamento de VMP sen persoa condutora e sen base fixa estará sometido á previa obtención da correspondente autorización do concello, ben concedida directamente ou ben previa licitación pública, na que se especificará as condicións de uso do espazo público e do estacionamento destes vehículos, así como á regulación na ordenanza fiscal correspondente.

2. A circulación destes vehículos realizarase nas condicións establecidas na presente Ordenanza e demais normativa e lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

3. Aos VMP regulados na presente ordenanza esixiráselles estar dispor dun seguro de responsabilidade civil en vigor que cubra posibles danos e prexuízos a terceiros cando así o estableza a lexislación estatal.

4. Os arrendatarios deberán informar aos seu clientes e usuarios dos VMP do contido desta ordenanza. Ademais os arrendadores só poderán alugar os VMP a aquelas persoas que xustifiquen un nivel de habilidade no manexo dos mesmos que garanta a seguridade dos mesmos e do resto dos usuarios das vías públicas.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

ARTIGO 14. INFRACCIÓNS E SANCIÓN EN MATERIA DE VMP

1. As accións e omisións contrarias ao que dispón esta ordenanza en materia de VMP sancionaranse de acordo coa mesma e coa lexislación vixente sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria. Son infraccións leves, graves ou moi graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta ordenanza e no Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as súas posteriores modificacións e regulamentos de desenvolvemento, e demais normativa aplicable.

a. Son infraccións leves as seguintes:

- 1) Conducir descalzo ou usando calzado inadecuado que non garanta o control do VMP e a propia seguridade do condutor.
- 2) Estacionar VMP para transporte de mercadorías obstaculizando ou entorpecendo o tráfico de peóns e/o vehículos.
- 3) Estacionar sobre beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns, cando non se cumpra o establecido nesta Ordenanza.
- 4) Estacionar un VMP fóra dos espazos reservados para eles obstaculizando a circulación peonil ou doutros vehículos.
- 5) Amarrar de calquera modo un VMP a árbores, semáforos, contedores, papeleiras, marquesiñas de transporte ou calquera mobiliario ou elemento público danando, deteriorando ou impedindo a correcta utilización dos mesmos ou noutro lugar onde está especificamente prohibido.
- 6) Circular con VMP, destinado a actividade económica de tipo turístico ou ocio, en grupos, sen respectar a distancia mínima entre grupos de 150 metros.
- 7). Circular de forma transversal por un paso de peóns conducindo un VMP, salvo que o cruce a pé.
- 8) Non respectar o número máximo de 10 persoas incluído o guía, establecido para os grupos organizados, sempre que non exceda de dous ese número.

Son leves as infraccións cometidas contra as normas contidas nesta ordenanza que non se clasifiquen expresamente como graves ou moi graves.

b. Son infraccións graves as seguintes:

- 1) Circular en vehículos de mobilidade persoal incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade, cando non se considere como infracción moi grave, é dicir, cando no se exceda en máis dun 50 por cento a velocidade máxima autorizada.
- 2) Circular en vehículos de mobilidade persoal de forma negligente. Por exemplo levantando a roda dianteira, saltando dos bordos das beirarrúas ou soltar unha man do guiador.
- 3) Circular en vehículos de mobilidade persoal sen ter a idade permitida para poder facelo.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

- 4) Circular en vehículos de mobilidade persoal que non cumpran cos requisitos, técnicos, de circulación ou ambos, esixidos pola normativa de aplicación.
- 5) Circular con vehículos de mobilidade persoal que excedan das características técnicas establecidas no Anexo I da presente Ordenanza.
- 6) Circular en vehículos de mobilidade persoal por vías ou zonas prohibidas.
- 7) Circular conducindo VMP sen minorar a velocidade ao paso humano cando coincidan con peóns.
- 8) Circular a persoa condutora de VMP utilizando cascos de audio, auriculares, reprodutores de son e outros dispositivos que diminúen a atención permanente á conducción, así como dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro medio ou sistema de comunicación, coas excepcións que legalmente se establecen.
- 9) Circular conducindo un VMP, sen o casco ou con el cando non estea debidamente abrochado
- 10) Circular conducindo un VMP sen as pezas de roupa ou elementos retro-reflectores.
- 11) Circular transportando viaxeiros excedendo o uso unipersoal.
- 12) Circular incumprindo as condicións de circulación esixidas pola ordenanza e demais normativa de aplicación, cando a infracción nos sexa leve ou moi grave.
- 13) Estacionar un VMP fóra dos espazos reservados para eles obstaculizando gravemente a circulación peonil ou doutros vehículos.
- 14) Circular sen manter un metro e medio de distancia mínima respecto da liña de fachada.
- 15) Conducir un VMP sen manter unha distancia de separación mínima dun metro e medio respecto dos peóns.
- 16) Non manter, as persoas condutoras de vehículos de motor e ciclomotores que circulen detrás de vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares, unha distancia de seguridade prudencial e proporcional á velocidade coa que o vehículo motorizado circule pola vía, e que nunca poderá ser inferior a 5 metros entre o seu vehículo e estes.
- 17) Non manter, as persoas condutoras de vehículos de motor e ciclomotores, un espazo lateral libre como mínimo de metro e medio cando pretendan adiantar a os vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares, ou non cambiar de carril de circulación se fose posible.
- 18) Non adaptar, as persoas condutoras de vehículos de motor e ciclomotores, a súa velocidade á que leven os vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares cando circulen por carrís que teñan establecido un límite de velocidade máximo de 30 km/h, zonas 30, rúas residenciais e zonas de coexistencia de diferentes tipos de usuarios.
- 19) Realizar, as persoas condutoras de vehículos de motor e ciclomotores, adiantamento a VMP ou en vehículos para persoas con mobilidade reducida, cando circulen por unha vía dun só carril e único sentido de circulación.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

20) Nunha glorieta, ante a presenza de vehículos para persoas con mobilidade reducida ou VMP, non reducir a súa velocidade, cortar a súa traxectoria ou non facilitar a súa manobra o resto de vehículos de motor ou ciclomotores.

21) Circular conducindo VMP sen facer uso da peza reflectora homologada.

22) Circular sen levar avisador acústico.

23) Conducir utilizando manualmente un teléfono móbil ou outro medio ou sistema de comunicación.

24) Non dispoñer ou non empregar o VMP os dispositivos luminosos que garantan visibilidade e seguridade durante a circulación.

25) Non respectar o número máximo de 10 persoas incluído o guía, establecido para os grupos organizados, sempre que exceda de tres ese número.

26) Non ir acompañados por un guía de acordo co establecido para os grupos organizados.

27) Incumprir os titulares das autorizacións municipais para as distintas actividades económicas a obrigación de respectar os percorridos ou horarios autorizado.

28) Circular por zonas de relevancia comercial ou de tránsito tradicional de peóns ou de gran afluencia de tráfico con risco para a seguridade viaria.

29) Circular por zonas de itinerarios compartidos a unha velocidade superior a 10 km/h.

30) Que o VMP sexa arrastrados por outros vehículos.

31) Circular os vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares zigzagueando, serpenteando entre vehículos ou adiantando a vehículos que estean parados por razóns do tráfico.

32) Non respectar os condutores dos vehículos para persoas con mobilidade reducida, VMP ou dispositivos, a preferencia doutros vehículos.

33) Adiantar cun VMP a outro vehículo se non deixa unha distancia lateral mínima de un metro e medio. Adiantar a outro vehículo cando circulen por unha rúa dun único carril de circulación. Adiantar a outro vehículo cando o adiantamento estea prohibido.

c. Son infraccións moi graves as seguintes:

1) Circular en vehículos de mobilidade persoal incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade, excedendo en máis dun 50 por cento a velocidade máxima autorizada.

2) Carecer do seguro de responsabilidade civil cando sexa obrigatorio.

Circular con vehículos de mobilidade persoal carecendo de certificado de circulación e Manual de Características, cando estean dispoñibles.

3) Circular cun aparello que non teña consideración de VMP e que á súa vez estea fóra do ámbito de aplicación da normativa que lles afecta.

4) Circular con temeridade, provocando circunstancias de risco propio ou para terceiros, e que poidan poñer en perigo ao resto de usuarios/as da vía.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

- 5) Exercer actividade económica con VMP sen ter obtido as autorización pertinentes para o inicio da actividade, ou continuar exercendo a actividade esgotado ou finalizado o prazo estipulado para autorización.
- 6). Exercer actividades económicas con VMP distintos aos autorizados ou con vehículos distintos aos regulados nesta ordenanza.
- 7). Circular o condutor con taxas de alcohol superiores ás que regulamentariamente se determinen ou coa presenza de drogas no organismo.
- 8) Negarse a someterse ás probas de determinación do grao de impregnación alcohólica ou para a determinación da presenza de drogas no organismo.
- 9) Se o titular do vehículo non identifica ao condutor do mesmo, cando lle sexa requirido, en caso de que os axentes da autoridade non lle poidan dar o alto, ou cando lle desen o alto e este non parase.
- 10) Non identificarse, o condutor de vehículos de mobilidade reducida, VMP ou dispositivos similares, cando lle sexa requirido polos axentes da autoridade.
- 11) Non facilitar a documentación do vehículo cando lle sexa requirido polos axentes da autoridade.

Sancións:

As infraccións descritas neste artigo sancionaranse da maneira seguinte:

- a) As infraccións cualificadas neste artigo como leves sancionaranse con multas de 100 euros.
- b) As infraccións cualificadas de graves sancionaranse con multas de 200 euros.
- c) As infraccións cualificadas de moi graves sancionaranse con multas de 600 euros. Todo iso de acordo con os criterios establecidos no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as súas posteriores modificacións e regulamentos de desenvolvemento e demais normativa aplicable.

En principio, e salvo que a Fiscalía competente da provincia poida establecer outros criterios para unha posible imputación por delito tipificado no artigo 379.2 do Código penal, e que sempre serán de aplicación preferente, os casos de negativa a someterse ás probas serán denunciados como infracción ao artigo 21.1 do Regulamento xeral de circulación en caso de alcohol (opción 21.1.5F, con sanción de 500 ou de 1.000 € segundo proceda), ou ao artigo 14.2 do Texto refundido da Lei de tráfico, en caso de drogas (opción LSV 14.2.5A, con sanción de 1.000 €). No caso de que os condutores sometidos ás probas de detección de alcohol ou presenza de drogas reflectan un resultado positivo, procederá formular denuncia por infracción aos artigos 20.1 do Regulamento xeral de circulación (opción 20.1.5A, con sanción de 500 ou de 1.000 € segundo proceda) ou do artigo 14.1 do texto refundido (opción LSV 14.1.5A), segundo trátase de alcohol ou de drogas, respectivamente.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

ARTIGO 15. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S DE PATÍNS, PATINETES, MONOPATÍNS OU SIMILARES NON MOTORIZADOS

1. As accións e omisións contrarias ao que dispón esta ordenanza en materia de patíns, patinetes, monopatíns ou similares sancionaranse de acordo coa lexislación vixente sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria. Son infraccións leves, graves e moi graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta Ordenanza e no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as súas posteriores modificacións e regulamentos de desenvolvemento, e demais normativa aplicable.

2. Son infraccións leves as seguintes:

- a) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados por beirarrúas e zonas peonís, non mantendo unha velocidade igual a dos peóns ou mantendo un comportamento que perturbe a convivencia ou dificultando o uso da vía para os peóns.
- b) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados de forma fóra dos lugares permitidos.

3. Son infraccións graves as seguintes:

- a) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados por beirarrúas e zonas peonís mantendo un comportamento que perturbe a convivencia de forma grave ou dificultando o uso da vía para os peóns de forma grave.
- b) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados de forma negligente.
- c) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados por vías abertas ao tráfico ou zonas prohibidas
- d) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados de xeito deportivo fóra dos lugares habilitados.

4. Son infraccións moi graves as seguintes:

- a) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados sendo arrastrados por outros vehículos.
- b) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados de forma temeraria.
- c) Circular con patíns, monopatíns, patinetes e aparellos similares non motorizados poñendo en grave perigo ou risco ás demais persoas usuarias da vía.

Sancións:

- a) As infraccións cualificadas no artigo 15 como leves sancionaranse con multas de 100 euros.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

- b) As infraccións cualificadas no artigo 15 como graves sancionaranse con multas de 200 euros.
- c) As infraccións cualificadas de moi graves sancionaranse con multas de 300 euros.

Todo iso de acordo con os criterios establecidos no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as súas posteriores modificacións e regulamentos de desenvolvemento e demais normativa aplicable.

ARTIGO 16. INMOBILIZACIÓN E PRECINTO DE VMP, PATÍNS E MONOPATÍNS

Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán inmovilizar e retirar o vehículo de mobilidade persoal conforme ao establecido nos artigos 104 e 105 da Lei de tráfico.

1. A inmovilización e precinto de vehículos efectuarase de conformidade co previsto na presente ordenanza e no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

A Policía Local poderá adoptar, de forma motivada, medidas provisionais de inmovilización ou retirada das vías urbanas dos vehículos de mobilidade persoal (VMP), patíns e monopatíns regulados nesta ordenanza, por razóns de protección da seguridade viaria, cando, como consecuencia do incumprimento dos preceptos da normativa específica que sexa de aplicación ou da presente ordenanza poida derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens.

2. Na adopción das medidas provisionais de inmovilización e de retirada dos vehículos á que se fai referencia no punto anterior, que non terán carácter de sanción, deberán observarse os principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade, de forma que a súa adopción só se permitirá naqueles supostos en que sexa estritamente necesaria para permitir a fluidez do tráfico ou porque representen un perigo para a seguridade viaria ou, no seu caso, para a protección da saúde pública dos habitantes da cidade e do medio ambiente, así como do mobiliario urbano.

3. A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos axentes da Policía Local. Para estes efectos, o axente poderá indicar ao condutor do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.

4. A inmovilización dun vehículo levarase a cabo mediante procedemento efectivo que impida a súa circulación e non se levantará ata tanto queden emendadas as deficiencias que a motivaron ou se proceda á retirada do vehículo, nas condicións que a dita autoridade determine, previo pago da taxa ou prezo público correspondente, se así estivera establecido.

5. Se o vehículo inmovilizado fose utilizado en réxime de arrendamento, a inmovilización do vehículo substituirase pola prohibición de uso do vehículo polo infractor.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

6. Non se poderá practicar precinto de vehículos en terreos e vías públicas do termo municipal do Grove.

Supostos de inmovilización:

1. En caso de accidente ou avaría do vehículo que impida continuar a marcha.
2. No suposto de perda pola persoa condutora das condicións físicas necesarias para conducir, cando poida derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens.
3. Cando a persoa condutora do vehículo se negue a someterse ás probas de detección a que se refire a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, se o resultado das mesmas superase os límites regulamentariamente establecidos e se conducir baixo a influencia de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou de bebidas alcohólicas.
4. Cando polas condicións do vehículo, se considere que constitúe perigo para a circulación ou produza danos na calzada.
5. Cando a persoa infractora non acredite o seu domicilio legal en territorio español, salvo se deposita o importe da sanción e dos gastos de inmovilización ou garante o seu pago por calquera medio admitido en dereito.
6. Cando o vehículo careza da iluminación regulamentaria ou non funcione nos casos en que a súa utilización sexa obrigatoria.
7. Cando o estacionamento se produza en zonas de duración limitada, sen título habilitante, ata que se logre a identificación da persoa que o conduce.
8. Cando o vehículo requira do seguro de responsabilidade civil para poder circular e careza del.
9. Cando a persoa condutora de VMP nos que así se requira, circulen sen casco homologado, ou chaleco ou dispositivo retro reflectante, ata que emende a deficiencia.
10. Cando o vehículo se atope nunha zona de uso público na que estea prohibida a circulación de vehículos.
11. Cando o vehículo fose obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.
12. Cando o vehículo que requira de certificado de circulación e Manual de características para circular, careza deles, ben por non obtela, porque fose obxecto de anulación ou declarada a súa perda de vixencia, ou se incumpran as condicións da autorización que habilita a súa circulación.
13. Cando os VMP non cumpran os requisitos técnicos que se establecen na presente ordenanza e como consecuencia diso obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta ou un risco grave para as persoas ou bens.

Na adopción das anteriores medidas provisionais, que non terán carácter de sanción, deberán observarse os principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade, de xeito que a súa adopción só terá lugar de ser necesaria para facilitar a fluidez do tráfico ou por representar un perigo para a seguridade viaria.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

ARTIGO 17. RETIRADA DE VEHÍCULOS VMP

1. Os axentes da autoridade, poderán ordenar a retirada de vehículos VMP da vía pública e o seu traslado ao depósito correspondente, cando se atopen inmovilizados ou cando estando estacionados, constitúan perigo, causen graves perturbacións á circulación de vehículos ou viandantes ou ao funcionamento dalgún servizo público ou deteriore o patrimonio público e cando poida presumirse racionalmente o seu abandono.

2. Enténdese que constitúen perigo, causan graves perturbacións á circulación de vehículos ou viandantes ou ao funcionamento dalgún servizo público:

- a) Cando un vehículo permaneza estacionado indebidamente nos carrís ou partes das vías reservadas exclusivamente para a circulación, estacionamento ou para o servizo de determinadas persoas usuarias tales como:
- Lugares reservados para carga e descarga nos días e horas en que estea en vigor a reserva.
 - Zonas reservadas para estacionamento de vehículos de servizo público, organismos oficiais, persoas de mobilidade reducida.
 - Vaos correctamente sinalizados e autorizados destinados á entrada e saída de vehículos, así como os destinados á supresión de barreiras arquitectónicas nos itinerarios peonís.
 - Lugares habilitados como de estacionamento con limitación horaria, sen a exhibición en lugar visible dos vehículos do distintivo válido ou acreditación do pago da taxa correspondente, conforme á Ordenanza fiscal que o regule; ou cando, colocado o distintivo ou acreditación, pásese o triplo do tempo aboadado.
 - Lugares que vaian ser ocupados temporalmente para outros usos ou actividades, sinalizados adecuadamente polo menos con 48 horas de antelación.
- b) En caso de accidente ou avaría que impida continuar a marcha.
- c) Cando, inmovilizado un vehículo en lugar que non perturbe a circulación, transcorresen máis de vinte e catro horas desde o momento de tal inmovilización, sen que se emendaron as causas que a motivaron.
- d) Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non houber lugar adecuado para practicar a mesma, sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.
- e) Cando, inmovilizado un vehículo, a persoa infractora non acredite a súa residencia legal en territorio español, salvo se deposita o importe da sanción e dos gastos de inmovilización ou garante o seu pago por calquera medio admitido en dereito.
- f) Cando o vehículo permaneza estacionado na vía pública en condición que fagan presumir fundada e racionalmente o seu abandono de conformidade co establecido nas disposicións medio ambientais.
- g) Cando un vehículo se atope estacionado impedindo e obstaculizando a realización dun servizo público de carácter urxente, como extinción de incendios, salvamento etc.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

- h) Cando o vehículo se atope estacionado en itinerarios ou espazos, que haxan de ser ocupados por unha comitiva, procesión, cabalgata, proba deportiva ou actos públicos debidamente autorizados.
- i) Cando sexa necesario retirar o vehículo, para poder realizar obras ou traballos na vía pública.
- j) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos peonís.
- k) Cando se obstaculice o acceso normal de persoas ou animais a un inmovible.
- l) Cando un vehículo se tope estacionado en lugar onde estea prohibida a parada.
- m) Cando un VMP incumpra as características técnicas establecidas na presente ordenanza, supoñendo un grave risco para a seguridade viaria e das persoas.
- n) Cando o vehículo este estacionado en lugar distinto ao autorizado, en caso de VMP explotación económica, a actividades turísticas ou a lecer.

Na adopción das anteriores medidas provisionais, que non terán carácter de sanción, deberán observarse os principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade, de xeito que a súa adopción só terá lugar de ser necesaria para facilitar a fluidez do tráfico ou por representar un perigo para a seguridade viaria.

ARTIGO 18. GASTOS POLA INMOBILIZACIÓN OU RETIRADA

Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo, serán por conta da persoa titular ou propietario, que deberá aboar unha taxa de 50 euros, como requisito previo a levantar tal medida, sen prexuízo do dereito de defensa que lle asiste e da posibilidade de repercutilo sobre a persoa responsable que dese lugar á adopción de tal medida pola administración.

Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular ou propietario, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o apartado anterior serán por conta da persoa titular ou propietaria, da arrendataria ou da persoa condutora habitual, segundo o caso, que deberá aboar una taxa de 50 euros como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso e da posibilidade de repercutilos sobre a responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dese lugar á retirada.

Agás o establecido no artigo 18 nos apartados g), h) e i), nos que non suporá custo ningún a retirada do VMP.

ARTIGO 19. RESPONSABILIDADE

1. A responsabilidade polas infraccións cometidas contra o disposto na presente ordenanza, determinarase conforme prevé a lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria. Con independencia da sanción que puidese corresponder, procederá a inmovilización, retirada, depósito do vehículo e demais medidas provisionais nos casos previstos



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

nesta ordenanza e na normativa estatal de tráfico e seguridade viaria, Rd lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido sobre a Lei de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria. En caso de arrendamento, a inmovilización substitúese por prohibición do uso do vehículo polo infractor.

A responsabilidade polas infraccións desta ordenanza recaerá directamente na persoa autora do feito.

2. Cando a infracción corresponda a un menor de dezaioito anos responderán solidariamente da sanción imposta os seus proxenitores, titores ou gardadores legais.

3. Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo pola autoridade, será responsable a/o condutor/a identificado/a polo titular. De non producirse a identificación considerárase responsable o/a condutor /a que conste como titular, excepto no caso de subtracción do vehículo.

4. No suposto de actividades económicas ademais do suxeito autor da infracción será responsable o titular da actividade.

5. O titular do vehículo, de non ser el o condutor, estará obrigado a identificar ao condutor do vehículo cando lle sexa requirido.

ARTIGO 20. RÉXIME SANCIONADOR

1. O procedemento e réxime sancionador das infraccións á presente ordenanza, que non estea recollido no Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, e no Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, polo cal se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, será o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As sancións serán obxecto dunha bonificación do 50% no suposto de ser aboadas en período voluntario.

2. A tramitación do procedemento sancionador será independente daqueles outros procedementos que tivesen que tramitarse por restauración da realidade física alterada ou por execución forzosa.

3. De cometerse unha posible infracción, a persoa titular do vehículo ten a obriga de identificar, ante o Concello, ao seu condutor/a.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. TRATAMENTO RESIDUAL DOS VMP

Os vehículos de mobilidade persoal serán obxecto de tratamento residual nos supostos establecidos no art. 106.1, letras a) e b) da Lei de Tráfico.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

DISPOSICIÓN FINAL. PUBLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor da ordenanza producirase da seguinte forma:

- a) O acordo de aprobación definitiva desta ordenanza comunicáraselle ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Transcorrido o prazo de quince días desde a recepción da comunicación, o acordo e a ordenanza publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- c) A ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



Luns, 3 de marzo de 2025

Núm. 42

*ANEXO I. DEFINICIÓNS E CLASIFICACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS DE MENOR A MAIOR
PRESENCIA DE VEHÍCULOS A MOTOR*

- Zona peonil: parte da vía, elevada o delimitada doutra forma, reservada á circulación de peóns. Inclúese nesta definición a beirarrúa, rúas sinalizadas como tales, parques e paseos.
- Vía Ciclista: Vía ou parte da calzada especificamente condicionada para o tráfico de ciclos, coa sinalización horizontal correspondente, e cuxo ancho permite o paso seguro deste vehículos.
- Área de convivencia ciclista-peón: rúas ou zonas peonís na que se permite expresamente circular en bicicleta mediante sinalización vertical correspondente. Poden existir marcas no pavimento que indiquen unha zona ou eixo de circulación ciclista.

Débese respectar o peón, quen terá preferencia en todo momento. O usuario do vehículo está obrigado/a a apearse e ir andando se as condicións de circulación pola presenza de peóns non permiten manter unha distancia mínima de 1m. Estarán debidamente sinalizadas.

- Senda ciclable (S33): vía para peóns e ciclos, segregada do tráfico motorizado, e que discorre por espazos abertos, parques, xardíns ou bosques.
- Beirarrúa-bici: vía ciclista sinalizada sobre a beirarrúa.
- Rúas residenciais (S28): zonas de circulación especialmente acondicionadas que están destinadas en primeiro lugar a peóns. Nelas aplícanse as normas especiais de circulación seguintes: velocidade máxima dos vehículos 20 km/h e os condutores deben conceder a prioridade aos peóns. Os vehículos non poden estacionarse máis que nos lugares designados por sinais ou por marcas. Os peóns poden utilizar toda a zona de circulación.
- Carril-bici :Vía ciclista que descorre apegada á calzada, en un só sentido ou en dobre sentido.
- Zonas 30: zona de circulación especialmente acondicionada que está destinada en primeiro lugar ós peóns. A velocidade máxima dos vehículos está fixada en 30 km/h. Os peóns teñen prioridade.

O alcalde. Jose A. Cacabelos Rico.

Documento asinado electronicamente.

